



Published on *CEIP López Ferreiro* (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro>)

Inicio > "Pontes para coñecérmonos", gañador no VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

"Pontes para coñecérmonos", gañador no VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

Enviado por Anónimo o Dom, 11/24/2019 - 21:59

O CEIP LÓPEZ FERREIRO ESTÁ DE NORABOA

E é que o noso centro foi un dos gañadores no VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS ^[1] no contexto do PLAN LÍA (lectura, información, aprendizaxe) de bibliotecas escolares.

O Proxecto merecedor do Premio foi ***Pontes para coñecérmonos***, ^[2] desenvolto o curso pasado para observar as similitudes e diferenzas entre Galiza e Tras Os Montes. Partindo de contidos relacionados co currículo das ciencias sociais, das matemáticas, da lingua galega, do inglés e da robótica, o alumnado de sexto configurou con compañeiros e compañeiras da escola Diogo Co de Vila Real un novo xeito de aprender: facéndose preguntas; buscando información e amosándoa por diferentes medios (vídeos, folletos publicitarios, xogos quiz, programas de robótica, amosando a s nosas cidades...),e todo elo dun xeito colaborativo.



Agradadecementos especiais á profesora de lingua e literatura portuguesas da USC, Isabel Morán quen nos mergullou na cultura lusófona; á tamén profesora da Universidade de Vigo Lourdes Maceiras, que nos deu datos e información sobre a rota do Caminho Minhoto; a Pepe e a Susana, encargados da nosa cociña, con quen practicamente empezamos o proxecto elaborando repostería de Vila Real; ao papá Ricardo Portabales, que nos ensinou a compoñer un xogo quiz...

Pero sobre todo, moitas grazas á promoción de nenas e nenos de sexto do curso 2018-19 que levou a cabo este proxecto. A súa pegada quedará para sempre no seu cole, no López Ferreiro.

Equipo de dinamización da biblioteca



Feito con Drupal (ver. 6.28)



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/378>

Links:

[1] http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/resolucion_concurso_ttp_1819_final.pdf

[2] <https://edu.glogster.com/glog/pontes-para-coecermonos/3akuiv7cf62>